



O templo baleiro

Alicia Martínez Martínez

¹...Todos os templos están deshabitados porque non están baleiros; só un templo totalmente baleiro pode habitar o espazo dun templo; por iso o meu poema busca ser un templo baleiro só alí podería habitar un talo do ser e tan só no ser pode erguerse a rosa, aquí só logra demorarse un instante...

Roberto Juarroz

Hai un momento decisivo na vida no que un se fai consciente de que hai un limiar infranqueable para a mente. É o momento de descalzarse, o momento da quietude e da escoita. Mais algo que podería ser sinxelo, aquietarse e escoitar, non é algo ao que nos prestemos facilmente. «O esgotamento mesmo é un proceso de quietude», di Krishnamurti, e efectivamente é frecuente que o esgotamento, a impotencia, sexa unha das portas de entrada.

1 Alicia Martínez Martínez (Sevilla, 1960), bióloga de profesión, cultiva desde moi nova a pintura, mergullándose máis adiante na poesía, na narración e nos artigos de reflexión. Asiste aos retiros da Escola do Silencio do padre Moratiel desde o ano 1999 até o seu falecemento en 2006; desta participación fundamental na súa vida xorde *Ensinos do Silencio de Moratiel* (Desclée de Brouwer, 2016), obra na que recolle as súas notas das charlas dos retiros e unha selección das cartas do padre.

Comprometida no cultivo da espiritualidade e na apertura á transcendencia nas sociedades secularizadas, participa en diferentes foros ao respecto. Traduciu e editou ao escritor francés Christian Bobin –*El Bajísimo* (El Gallo de Oro, 2016) e *La presencia pura* (El Gallo de Oro, 2017)– actividade na que prosegue. Na actualidade está empeñada nunha exploración da consciencia a partir dun diálogo interdisciplinario entre neurocientíficos, profesionais da saúde, pensadores e meditadores. Os resultados deste traballo aparecerán publicados proximamente. En *El brotar de la luz* (Karima, Sevilla, 2015) recolleu a súa obra poética dos anos 2000-2015 e recentemente apareceu o seu último poemario, *Todas las nubes arden* (Edicións en Huída, 2017), inspirado en fotografías de Antonio Más Morales. No ámbito poético tamén promove e coordina talleres de creación poética no ámbito hospitalario.

Só buscamos o Silencio cando estamos nun carreiro sen saída (J. F. Moratiel).

Considero que a maneira na que chega ese momento decisivo a partir do cal todo cambia, é distinta para cada un. No meu caso, a vida espiritual xestouse, na súa maior parte, fóra dunha confesión relixiosa, polas miñas circunstancias máis ca nada; un bautismo protestante nunha sociedade maioritariamente católica, unha necesidade de diferenciarme da tradición dos meus pais e dos meus avós, uns estudos marcadamente científicos e unha tendencia natural cara á rebeldía, fixeron que vivise espiritualmente á intemperie. Con todo, calquera territorio está abonado para albergar prexuízos. No meu deuse unha identificación con ese «estar á marxe de» relixións, unha identificación con ese camiño de *outsider* e deseguido, por ese mecanismo que temos de trazar fronteiras, de deseñar estruturas e límites para sentirnos seguros, tamén eu, mesmo no meu mundo espiritual estrañado do considerado normal, creei unha ortodoxia que sempre, por definición, é considerada, por ser miña, mellor ca a do outro. Mais a vida foi mostrando algo, aos poucos ensinome que había persoas, dentro das relixións instituídas, que tiñan a mesma vivencia interior ca min, e que a súa vivencia tiña similares raíces e tamén froitos similares. Iso descolocoume e, como di o Evanxeo de Tomás, só tras a perturbación chega a luz. Cando caen os prexuízos un pode mirar co corazón, pode amar.

O que ama ao seu próximo ten cumprido o resto da lei. Un que ama ao seu próximo non lle fai dano, por iso amar é cumprir a lei enteira (Romanos 13, 8-10).

Vivino todo sempre desde dentro. Se tivese que rescatar un primeiro momento de luz na miña vida, tería que dicir que esa luz brotou desa interioridade, indubidablemente. Cando acabas os estudos, vives en parella, tes fillos, traballas, cando obtés todo aquilo polo que loitaches, comeza a aparecer a frustración. Era isto a vida? No medio dunha depresión, sen acudir a nada nin a ninguén, máis ca á vivencia da miña propia desesperanza, esa luz

fíxose e comezou a brillar, moi timidamente ao principio, mais logo ela foi sempre a miña guía. Pasou moi pouco tempo xa despois diso para o encontro co Silencio. Apareceu sen máis. Un retiro duns días de Silencio, cun sacerdote, esa era a proposta. Acepteina sen dubidar e fun cunha alegría indíxible a ese primeiro encontro. Non sabía o porqué desa felicidade ante o que descoñecía. Mais algo en min debía saber que xa chegara á casa. A pequena luz que comezou a brillar no meu interior, converteuse nun lume inextinguible.

Chegara á casa, mais co paradoxo de que o Silencio era unha casa sen casa, coma a porta sen porta do Zen. Unha casa desposuída de si mesma. De novo a intemperie.

Xosé Fernández Moratíel, o sacerdote que me mostrou a senda do Silencio, non adoutrinaba, non instituíu, só mostraba un camiño sinxelo, liberador, o camiño do corazón, o camiño da vida. Non requiría templos, mestres, libros ou grupos aos que pertencer, era un camiño de refugallo. O único templo no que buscar refuxio era o propio corazón, no fondo de nós mesmos.

Aquí o fondo de Deus é o meu fondo, e o meu fondo é o fondo de Deus... (Meister Eckhart)

Non había demasiadas instrucións, aínda que si unha forte motivación nas palabras namoradas de Moratíel, e na forza da propia intención, do que me gusta chamar a pureza do corazón, que provén do contacto con ese lume que arde dentro.

Non hai carreiro que conduza cara ao descubrimento da verdade. Un debe penetrar no mar descoñecido. (J. Khrisnamurti)

Aprendín a camiñar aí, no descoñecido e puiden experimentar, aínda o fago cada día, como a nudez ante un mesmo é sempre luz e guía no camiño. Aprendín a camiñar sen esixencias, con amor e compaixón por min mesma, pola miña propia vulnerabilidade [«Deus ama a terra que ti es», dicía Moratíel], e cunha apertura maior cara aos outros.

«Algo te agarda dentro, nesa alcoba íntima, a mellor da casa», dicía el. Como pode un namorarse do Silencio? Pois iso é o que sucede. Isto di unha das mentes máis brillantes que existise xamais:

O esforzo cotián non provén dunha intención deliberada, nin dun programa, senón do corazón, en forma directa. (Albert Einstein)

Algo empuxa, orienta, conduce; non é deliberado, nin programado, é unha forza directa que provén do corazón namorado. Un vai aprendendo a confiar cada vez máis niso —é sempre cada vez máis— e vaste decatando de forma inesperada que estás a dar pasos cara á liberdade. Que te acubilla aí? Nada, non hai ninguén na casa. Iso que agarda dentro é unha ausencia.

O Silencio é a ausencia do que nos separa de nós mesmos. (J. F. Moratíel)

Podería citar a incontables místicos, ademais da Moratíel, que falan desta Nada, deste celo pola Nada, pola vacuidade.

Deus quere ter o templo baleiro, para que aí dentro non haxa nada que non sexa el. (Meister Eckhart)

Nesta nudez acha o espírito o seu descanso, porque non comunicando nada, nada o fatiga cara a arriba e nada o oprime cara a abaixo, porque está no centro da súa humildade. (Frei Xoán da Cruz)

Deus tócanos, e o seu contacto, que é baleiro, baléiranos. Móvenos cunha simplicidade que nos simplifica. (Thomas Merton)

A un home pareceulle nun soño — era un soño de vixilia — que estaba preñado da nada, como unha muller o está dun neno, e nesa nada tiña nacido Deus; el era o froito da nada. Deus nacera da nada. (Meister Eckhart)

Mais... tanto camiño para atoparnos con nada, coa Nada? Que diferenza esa Nada do baleiro existencial que nos poñía en camiño? Pois todo, e non hai máis ca experimentalala para saborear a diferenza. Plenitude, paz, descanso, son outras formas de nomear

a este baleiro. A miña filla, con escasamente 4 anos, xa me falaba disto: «Mamá, hai dous baleiros, un bo e un malo, eu estou no malo e teño que pasar ao bo.» Un misterio como unha nena pode saber o que nós esquecemos.

Indubidablemente nese momento decisivo, nese paso no baleiro do que empecei falando, hai un limiar que traspasar, mais nós non damos ese paso, dáse en nós, só nos toca mirarnos cara a cara, aceptar o que somos, mesmo o que non queremos ser, entregarnos e confiar. Esta é unha experiencia universal, que percorre toda a nosa historia persoal e colectiva, desde o Antigo Testamento ás rutas migratorias que son percorridas, unha e outra vez, nos nosos días.

Cando xa non queda nada por facer, cando xa se puxo todo o propio, só queda entregarse e aí é cando Deus actúa. (Juan Manuel Palma. *Espiritualidad en las fronteras*)

Indubidablemente hai medo, porque é morrer a unha visión de nós mesmos, pero quen ten medo? O que ten medo é tamén o que ha apartarse e deixar paso ao que nace, ao que arde en nós.

É curioso o paradoxo que se dá no home. Atérranos o baleiro, necesitamos seguridade, o noso ego precisa aferrarse sempre a algo, á idea de si mesmo polo menos, mais á vez algo nos impulsa cun amor tolo cara ao abismo, cara ao que tememos. É unha das nosas encrucilladas.

Di o salmista: «Serei feliz con mirarte cara a cara», e creo que nesa nudez está a guía que necesitamos: os ditados do corazón.

Se cremos que a nosa máscara é o noso verdadeiro rostro, protexerémola con fabricacións aínda á conta de violar a nosa propia verdade. (Thomas Merton)

Tan pronto como sexamos quen de estar cara a cara co que somos haberá unha verdadeira transformación. (J. Khrisnamurti)

E de transformación se trata. Un verdadeiro camiño de crecemento nótase porque ese «froito da nada» é unha transformación

na vida cotiá, en como un se sente a si mesmo, como afronta as circunstancias externas, se sente máis libre, e máis liberado de xuízos e dependencias, se está máis situado no amor e é quen de amarse máis incondicionalmente a si mesmo e aos demais.

O que me gustaría achegar aquí é se é posible percorrer ese camiño, un camiño verdadeiro, non de autocompracencia, á intemperie de mestres e de relixións, á intemperie de pertenza a grupos máis ou menos instituídos, de xerarquías e crenzas.

Teño que citar necesariamente o Evanxeo, no que se fala do templo baleiro.

Mais a hora vén, e agora é, cando os verdadeiros adoradores adorarán ao Pai en espírito e en verdade. (Xoán 4, 23)

Que quererá dicir o Evanxeo con esta maneira de adorar, con esta maneira de ser relixioso? En espírito e verdade. Pero aquí temos a gran cuestión: que é a verdade?

Segundo a Real Academia, verdade é a conformidade das cousas co concepto que a mente ten delas ou conformidade do que se di co que sente ou se pensa, ou tamén, propiedade que ten unha cousa de manterse sempre o mesmo, sen mutación algunha.

Son curiosas estas definicións da verdade. Na primeira atopamos que non é a mente a que ten que comprender ou aprehender a realidade, senón o contrario, é a realidade a que ten que adaptarse ao concepto que a mente ten dela. E isto non dista moito do que sucede, así que, para nós, a verdade non é máis ca o que a mente interpreta como real, o cal non significa que o sexa. Así é comprensible que se imponhan tantas verdades como modelos de pensamento, de concibir a realidade, poidan existir. A segunda definición fala dun aliñamento entre mente e corazón, unha transparencia do noso ser que se limita, segundo se define pensamento e sentimento, mais que apunta a unha coherencia ou integración das nosas dimensións. A terceira calidade da verdade é a inmutabilidade. Só é verdadeiro aquilo que non é impermanente. E daquela, que pode ser verdadeiro?

Achegamento ao real, coherencia e estabilidade parece que son as calidades que lle atribuímos á verdade. Diríase que un camiño espiritual sería un bo camiño, un camiño verdadeiro, se tivese, ou permitíse que se dese en nós, ese encontro con algo real, coherente e estable.

Quizais o concepto filosófico *Alétheia* —en grego ἀλήθεια «verdade»—, achegue algunha luz máis sobre o que é a verdade. Literalmente a palabra significa «aquilo que non está oculto, aquilo que é evidente». Tamén fai referencia ao «descubrimento do ser».

Ao meu parecer todo apunta a ese camiño interior cara ao profundo do noso ser, ese camiño no que a soidade é unha soidade poboada de compañía, porque no profundo do ser non existe a separación.

Ante «a hora da verdade» de Xesús, fronte a Pilato, antes da súa condena á morte, el di: «Eu para isto nacín e para isto vin ao mundo: para dar testemuño da verdade. Todo aquel que é da verdade, escoita a miña voz» (Xoán 18, 37).

Non di que naceu para posuír a verdade, nin para predicar a verdade, nin para que todos se convertan á verdade, senón para unha humilde e sincera testificación da verdade. Non é que a verdade sexa algo alleo a nós, senón que a única maneira de achegarse a ela é na condición de testemuñas, de facerse presentes a algo que somos e que á vez nos pasa, testemuñas silenciosas. E fala dunha pertenza... fala de ser fiel á verdade, a iso que se desvela no oculto e anuncia que «escoitaremos a súa voz». Esa voz que se escoita no profundo, no templo baleiro, é o que estou a tentar expresar desde o principio como aquilo que constitúe a esencia, o sostén, a guía dun camiño espiritual vivido á intemperie.

Ante esta afirmación de Xesús sobre o seu propósito no mundo, Pilato pregúntalle isto que estamos a preguntar aquí, o que todo ser humano se pregunta: que é a verdade? No Evanxeo non hai resposta a esta pregunta de Pilato... só «Xesús non respondeu». Só no Silencio do noso corazón están as respostas, ninguén pode proporcionar-nos esas respostas, temos que achalas dentro, acharnos nelas.

Tamén fala Xesús de adorar en «espírito», outra gran palabra cargada de significados. Principio xerador, esencia, alma, alento... non é outra cousa ca esa chama, ese lume ao que me estou referindo desde o principio, aquilo que arde en nós.

Anunciáronme ás veces, que non é posible, neste ámbito, andar por libre, subtraerse a unha tradición e ao ensino e guía espiritual dun mestre, que o risco de autoengano e de caer en trampas indetectables do propio ego faino imposible.

Teño que confesar que busquei moitas veces na miña vida sentirme pertencente a un grupo, a unha tradición, mais sendo dócil aos ditados do meu corazón tiven que aceptar que a miña tradición non é outra ca o Silencio, ese que atoparon no seu interior tantos e tantas pertencentes a moitas tradicións ou sen pertencer a elas. É un fío invisible que me une a moitos que antes ca min percorreron o camiño e seguen facéndoo dalgunha maneira en nós. Nutrinme da sabedoría de moitas tradicións e de moitas persoas sen a cales, probablemente, non dese nin un só paso no camiño, mais a miña pertenza é a esa verdade da que falaba Xesús, a esa voz que se oe dentro. Nese Templo baleiro, nese Silencio síntome coidada e amada, coma unha nena en brazos da súa nai.

O meu respecto polo camiño de cada un é total, e ao final todos nos imos atopar na medida que nos atopemos a nós mesmos.

Non importa o paso que cada un leve nesta andaina, lento ou lixeiro; na meta, no silencio profundo, todos nos imos recoñecer. Esta é a gran bendición do silencio.

J. F. Moratíel
Alicia Martínez Martínez
Traduciu Chema Felpeto